

CONVOCATORIA

# Radio Obradoiro prepara a final do quinto certame de música folk

► Cinco formacións noveis galegas optan ó primeiro premio do concurso, que consiste na gravación dun disco ► A iniciativa está apoiada e patrocinada polo 'Grupo Correo Gallego' ► A cita é dentro dunha semana no Teatro Principal

REDACCIÓN • SANTIAGO

Un ano máis, o certame de música folk que organiza **Radio Obradoiro** chega á súa final. Despois do proceso de selección, os grupos finalistas son Árdelle o eixo, Brendam, Lugnasad, Lumia e Xochilmica. Son todas formacións galegas e que arestora non teñen asinado ningún contrato discográfico. O gañador do certame-decisión que tomará un xurado competente terá a oportunidade de gravar un disco.

Así o fixeron os gañadores das catro edicións anteriores do certame: Alfolíes, Quempallou, Roi Xordo e Grodan De Fló. Ademais, nesta quinta edición, o grupo que se proclame *vencedor* actuará o Día das Letras Galegas, o luns 17, na gala do primeiro aniversario do xornal **Galicia Hoxe**, que se celebrará na Sala Capitól.

O certame, que apoia o **Grupo Correo Gallego**, conta co patrocinio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a través da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, e o concello de Santiago. Colaboran tamén diferentes firmas como Daviña, Phonos, Coca-Cola, Restaurante Belgo, Neumáticos Radial, Café Vivacce e o Pub Momo.

O xurado que decidirá quen é merecedor do primeiro premio estará composto por cinco figuras de recoñecida traxectoria no mundo da música galega. Nesta quinta edición, entre outros, estarán Pedro Pascual, Davide Salgado e Benjamín Otero.

Para coñecer-lo resultado haberá que agardar ó vindeiro xoves. No transcurso da gala, que come-



Membros de Grodan De Fló recibindo o primeiro premio na final do cuarto certame

CONTINUIDADE

## Un proxecto xa consolidado

**H**ai cinco anos **Radio Obradoiro** levaba a cabo a primeira edición do certame. Un proxecto con vocación continuísta, tal e como amosa esta quinta convocatoria. A idea partiu do programa *En clave de*

*folk*, presentado por María Xosé Gómez e Paulo Gacio.

Trátase dunha iniciativa dirixida a promocionar grupos noveis. A única de Compostela e unha das poucas que se fan en Galicia no apartado folk.

zará ás nove da noite e ten entrada libre, cada un dos cinco grupos finalistas interpretará tres pezas, na súa gran maioría composicións propias.

Mentres o xurado delibera, o público poderá desfrutar coa música de Grodan De Fló, gañadores da última edición do concurso, celebrada o ano pasado no mesmo escenario. Os lalinenses veñen de presentala gravación correspondente a ese premio.

TELEVISIÓN DE GALICIA

## 'Os Tonechos van á obra', a emisión máis vista o martes na nosa comunidade

► O especial de humor foi seguido por 290.000 galegos e case un millón conectaron nalgún momento co programa

REDACCIÓN • SANTIAGO

O programa especial de humor *Os Tonechos van á obra*, que Televisión de Galicia ofreceu o martes pasado, colleitou un extraordinario éxito de audiencia e foi o programa máis visto do día en Galicia.

Así, 290.000 espectadores seguiron o especial de humor de TVG e ademais case un millón de galegos (983.000) viron o programa nalgún momento da súa emisión.

O espazo protagonizado polas ocurrencias e trasnadas destes particulares personaxes foi tamén líder absoluto de audiencia na súa franxa horaria, xa que obtivo un 27 por cento de share, superando claramente ó programa de TVE 1 *Operación Eurovisión* -que conseguiu un 14,4% de cota de audiencia- e tamén ás grandes apostas de ficción das privadas, *Un paso adelante*, de Antena 3 (19,4%) e *Hospital Central*, de Tele 5 (22,5%).

Ademais, non só as aventuras dos Tonechos como aprendices de albañeis suscitaron a atención dos espectadores, senón que *Europa en xogo*, que a canle autonómica emitiu para dar conta do acontecido no partido de volta da semifinal da Liga de Campións entre o Dépor e o Porto, obtivo unha cota superior a outras canles.

### HOY EN GALICIA HOXE

**Viriato**, unha empresa clave para Ordes, xa que dos 12.000 habitantes, 2.000 teñen relación co sector téxtil

**Schneider** ofrece a súa visión na Coruña sobre as chegadas de chapapote á costa tras o accidente do petroleiro 'Prestige'



**Miguel Túñez**, novo decano de Xornalismo, anima a ampliar horizontes e a explorar alén da redacción 'clásica'

### AUDIENCIAS TELEVISIVAS DEL MARTES

- Líderes de audiencia en Galicia:**  
**1.- Os Tonechos van á obra**, de TVG. Espectadores: 290.000. Share: 27 por ciento.  
**2.- Europa en Xogo**, de TVG. Espect.: 257.000. Share: 24,1%.  
**3.- Telediario 2**, de TVE1. Espectadores: 249.000. Share: 27,5%.  
**4.- Telediario 1**, de TVE1. Espectadores: 242.000. Share: 30,6%.  
**5.- Hospital Central**, de Tele 5. Episodio Héroes o personas. Espect.: 241.000. Share: 22,5%.  
**Más vistos por cadena en Galicia:**  
**TVG:** Os Tonechos van á obra. Espect.: 290.000. Share: 27%.  
**TVE1:** Telediario 2. Espectadores: 249.000. Share: 27,5%.  
**Antena 3:** Un paso adelante. Es-



El dúo Os Tonechos

- pect.: 210.000. Share: 19,4%.  
**Tele 5:** Hospital Central. Espectadores: 241.000. Share: 22,5%.  
**La 2:** Saber y ganar. Espectadores: 104.000. Share: 13,2%.  
**Canal Plus:** Fútbol Liga de Campeones: Deportivo da Coruña - Oporto. Espectadores: 74.000. Cuota de pantalla: 7,5 por ciento.

### LO MEJOR EN RADIO OBRADOIRO

**Rosa Arcos**, Xosé Antón López, Elvira Cienfuegos y Ramón Vidal protagonizan la tertulia matutina

**El magacín** 'A Rosa dos ventos' sortea entradas para asistir al estreno de la película 'Romasanta'